

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23 AGO. 2021
ata a día 23 OCT. 2021
O XEFÉ DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA



Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 13 DE AGOSTO DE 2021 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA/POSTO DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A xunta de goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

O presente documento estará
 exposto no Taboleiro de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día **23 AGO 2021** BOP Lugo
 ata o día **23 OCT 2021**
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA

Vista a Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2018 (BOP 296, do 28.12.2018), na que figura vacante a praza/posto número 906/1472, denominada Enxeñeiro/a Montes, Grupo A, Subgrupo A1, do Cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical.

Visto o Acordo Plenario de 30.11.2020 polo que se aproba o orzamento para o ano 2021 publicado no BOP DE 30.12.2020, no que se modifica a denominación da praza número 906/1472 que pasa a denominarse Técnico/a Superior Forestal, vacante, reservada a promoción interna.

Visto que no cadro de persoal funcionario está vacante e dotada a praza 986 denominada Técnico/a Superior Forestal

Visto que na RPT vixente esta vacante e dotado o posto número 1472, denominado Técnico/a Superior Forestal, asociado á praza antes mencionada.

Constatándose a necesidade da cobertura da praza e do posto antes mencionado, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria para prover a seguinte praza/posto, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical:

OEP	número vacantes	Nº PRAZA	denominación praza	Clasificación	Grupo/subgrupo	denominación posto	nº posto asociado
2018	1	906	TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL	Escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores	A/A1	TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL	1472

2º. Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na deputación provincial de Lugo. (BOP 089, de 20.04.2020-corrección erros BOP 112, de 18.05.2020)

3º. Aprobar as bases específicas, que complementarán as bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir a praza/posto de Técnico/a Superior Forestal, reservada a promoción interna vertical

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar nos correspondentes procesos selectivos.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas nos Boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.

1.- OBXECTO

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario/laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo, publicadas nos Boletíns Oficial da Provincia números 089 do 20.04.2020 e 112 de 18.05.2020

2.- CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

OEP	NÚMERO VACANTES	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN praza/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	Nº POSTO ASOCIADO
2018	1	906	TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL	F	Escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores	A/A1	1472

3.- COMETIDO FUNCIONAL

O cometido funcional destas prazas establécese no Capítulo IV do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En canto ao contido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Como complemento a base xeral 5.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de **Graduado en Enxeñería Forestal ou equivalente** e posuír unha antigüidade de, cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na escala de administración especial, subescala técnica, técnico/a medio/a, prazas de enxeñeiro técnico de forestal.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN - FASE DE OPOSICIÓN

Consistirán na superación dos seguintes exercicios;

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO - TEÓRICO

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 120 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, relacionadas co programa contido na base específica 6, nun tempo máximo de 140 minutos.

As preguntas terán 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O Tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

O exercicio puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Acudirase a puntuar as preguntas de reserva só no suposto de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO - PRÁCTICO

Consistirá na realización dun (1) suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6, e poderá consistir na formulación de distintas preguntas - simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

Para a realización desta proba o Tribunal decidirá se as persoas aspirantes poderán vir provistas da normativa que consideren, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados ou comentados, formularios ou similares.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

Os exercicios poderán ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1

5.3.- PROBA DE GALEGO

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán para o galego ou do galego para o castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6 PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.

6.A) MATERIAS COMÚNS.

1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios Xerais. Procedemento de reforma.

2. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois, as liberdades públicas. A súa garantía e suspensión. O Defensor do Pobo.
3. O Poder legislativo: composición, atribución e funcións das Cortes Xerais. Elaboración das Leis.
4. O Goberno no sistema constitucional español. O Presidente do Goberno. As funcións constitucionais do Presidente do Goberno. O Goberno: composición e funcións constitucionais.
5. O Poder Xudicial. Regulación constitucionais da xustiza. O consello xeral do Poder Xudicial. O Tribunal de Constitucional na Constitución. A Organización da Administración de Xustiza en España.
6. A organización territorial do Estado. As Comunidades autónomas: constitución e competencias. Os Estatutos de Autonomía.. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.
7. O Réxime local: Significado e evolución histórica. A Administración Local na Constitución. A Carta europea de autonomía local. O principio de autonomía local: significado, contido e límites. Clases de entidades locais.
8. A administración Pública na Constitución. Principios de actuación administrativa.
9. Normas estatais, autonómicas e locais. Outras fontes do dereito administrativo. Tratados internacionais A Unión Europea. ordenamiento jurídico de la Unión Europea. Eficacia directa y primacía del derecho comunitario. Derecho originario y derivado. Las instituciones de la Unión Europea. Composición y atribuciones. Las competencias de la Unión Europea
10. O sometemento da Administración á lei e ao dereito. Normas supraestatais..
11. O dereito administrativo. As fontes de dereito administrativo. O acto administrativo. Revisión dos actos administrativos. Recursos contra os actos administrativos. O procedemento administrativo común: fases. O procedemento administrativo local. Conceptos xerais. Facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.
12. O Dereito Financeiro: Concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. O Réxime Xurídico da Facendas Locais.
13. O persoal ao servizo das corporacións locais clases y normativa de aplicación. Adquisición y pérdida de la relación de servicio. Régimen disciplinario. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo. Situaciones administrativas. Régimen de incompatibilidades
14. A responsabilidade patrimonial da Administración. O réxime xurídico no sistema español. Responsabilidade de autoridades e funcionarios. Responsabilidade das administracións públicas por actos dos seus concesionarios e contratistas.
15. Os contratos do sector público. Obxecto e ámbito de aplicación. Elementos. Clases. Preparación, Adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
16. As subvencións. Réxime xurídico das subvencións na Administración: concepto. Partes na relacións subvencionable. Establecemento. Procedemento de concesión, xestión e xustificación. Causas de reintegro.
17. A protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos. Ficheiros de titularidade pública. Réxime sancionador.
18. Transparencia. A Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: transparencia da actividade pública e bo goberno. Acceso á información pública. Mecanismos de coordinación e control. Dereito da cidadanía nas súas relación coas administracións públicas.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

1. Bioxeografía. Rexións bioxeográficas. Medios de dispersión. Proxección xeográfica da evolución. Bioxeografía histórica.
2. Ecoloxía demográfica. Supervivencia, crecemento e reprodución. O sistema predador - presa. Relacións de competencia.
3. Ecosistemas. Clímax terrestre. Ecosistemas acuáticos. Explotación humana: regresión e consecuencias.
4. Ecoloxía trófica. Produción secundaria. Alimentación dos animais. Relacións tróficas colaterais.
5. Peixes continentais. Reprodución e bioloxía. Aspectos biolóxicos das principais especies ictícolas continentais da Península Ibérica.
6. Repoboacións en augas continentais. Problemática das repoboacións con especies de peixes e crustáceos en augas continentais.
7. Peixes continentais. Troita común. Caracterización xenética da troita.
8. Ecopatoloxía dos peixes continentais. Principais enfermidades dos peixes de auga doce.

9. O cangrexo de río: reprodución e bioloxía. O cangrexo de río en España. Bioloxía, reprodución, distribución e causas da súa recesión. Introducción de especies alóctonas en España.
10. Toma de mostras. Protocolos para a recollida de mostras e o seu envío ao laboratorio. Medidas de seguridade na toma de mostras.
11. Conservación de solos. Erosión dos solos por modificación das propiedades. Técnicas para valoración da erosión. Elementos da hidroloxía da superficie. Unidades hidrolóxicas e parámetros característicos.
12. Métodos de silvicultura e tratamento de masas forestais. Métodos de silvicultura: definición, clases e criterios desta selección. Tratamentos: monte alto irregular. Monte medio. Monte baixo. Coidados de masas forestais: limpas, claras, podas, labores, fertilizantes, herbicidas, etc. Técnicas e métodos que se utilizan.
13. Sustancias perigosas. Intoxicacións en animais salvaxes. Plantas venenosas. Insecticidas. Metais pesados. Rodenticidas. Intoxicacións en reservas de animais salvaxes. Plantas tóxicas. Intoxicacións en peixes.
14. Estratexia española para a conservación da biodiversidade.
15. Técnicas de captura e de inmovilización. Métodos químicos de captura e de inmovilización.
16. Teleanestesia. Protocolos. Administración de drogas a distancia. Sistemas de proxección.
17. Espazos naturais. Concepto. Descrición. Lexislación española. Plans de ordenación dos recursos naturais.
18. Flora de Galicia. Flora galega. Análise das principais formacións vexetais. Especies forestais. Conservación da flora.
19. Técnicas de repoboación. Repoboación en zonas húmidas e subhúmidas. Principais especies forestais usadas na Comunidade Autónoma de Galicia. Mecanización. Repoboación en ribeiras.
20. Infraestruturas forestais. Vías de acceso para a saca.
21. Estación forestal. Estudio ecolóxico dunha estación forestal. Toma de datos. Cálculo de índices fitoclimáticos.
22. Recolección e utilización de sementes forestais. Elección de masas selectas y creación de hortos de sementeiros. Identificación e conservación de sementes. Viveiros. Infraestrutura e instalacións.
23. Inventario: Estado natural. Estado forestal. Unidades de inventariación. Calidade, especies e idades. Estado e espesura. Árbores - tipo, concepto e elección. Estudo de árbores - tipo.
24. O monte. O monte normal. O cuartel. O tramo. Distribución de cabida do cuartel. Cabida de corta anual. Cabida por clases de idade. Cálculo de existencias. Cálculo de posibilidades normais. Existencias, crecemento e posibilidades.
25. Ordenación de montes. Métodos clásicos de división, de distribución, de existencias normais, combinados. Métodos de ordenación. Características dos métodos modernos de masas regulares e semiregulares.
26. Normas xerais para o estudo e redacción dos plans técnicos de montes arboreados. Normas xerais para o estudo e redacción dos plans técnicos dos montes arboreados (Ministerio de Agricultura 1971). Plans técnicos de montes arboreados.
27. Aproveitamentos forestais. A corta. A corta como organización. Carácter das cortas. Preparación das cortas. Localización das cortas e posibilidades de realizar cuartel.
28. Incendios. Incendios forestais. Clases. Causas e factores que inflúen na súa propagación. Prevención de incendios. Extinción de incendios: medios, técnicas, métodos.
29. Incendios. Loita integral contra os incendios. Investigación como ferramenta de prevención. Queimas controladas. Efectos e danos sobre a fauna.
30. Fondos europeos para a conservación. Fauna protexida. Rede NATURA 2000. Programas agroambientais. Instrumento financeiro LIFE. Obxectivos xerais, obxectivos específicos, compra de terras, avaliación global do proxecto.
31. Estratexia forestal europea e española. Plan forestal de Galicia: análise e grao de cumprimento. IFN3 en Galicia. Importancia de resultados. Estratexia para a conservación do uso sostible da biodiversidade.
32. Mantemento de animais salvaxes en cativeiro. Carnívoros. Herbívoros. Aves e réptiles.
33. Conservación e recuperación de hábitats. Conservación e recuperación de hábitats de interese especial. Creación de unha rede de micro-reservas de flora. Conservación e restauración de corredores ecolóxicos.
34. Conservación e recuperación de hábitats. Conservación e mellora do medio fluvial. Conservación e recuperación de ribeiras. Conservación e recuperación de zonas húmidas. Conservación e recuperación de estepas e pseudo-estepas. Seguimento e control da conservación e recuperación de hábitats.

35. Xestión do medio e mellora do hábitat para a caza. Principais hábitats para a caza. Paisaxe forestal e paisaxe agrícola. Control de danos. Prevención de baixas. Traballos agrícolas e gandeiros. Atropelos. Presas e canais. Cercados e mallas gandeiras.
36. Xestión de medio e mellora do hábitat. Alta montaña: rebeco, cabra montesa, perdiz pardilla, lebre de piornal. Bosques atlánticos: cervo, corzo, xabaril, pomba torcaz, becada. Monte mediterráneo: cervo, corzo, xabaril, perdiz vermella, lebre, pombas, rulas, coellos. Medios esteparios: perdiz vermella, paspallás, lebre, pombas, coellos. Zonas húmidas. Aves acuáticas e limícolas.
37. Xestión do medio e mellora do hábitat. Planificación do manexo do medio. Territorio, fauna. Elaboración dun programa de melloras. Actuacións para a mellora do hábitat. Auga. Bebedeiros artificiais. Adecuación de regueiros e canais. Limpeza de fontes. Comida. Comedeiros artificiais, sementeiras, desbroces, clareos, barbeitos e baldíos. Refuxios artificiais. Plantación de matorral. Terreos incultos.
38. Actuacións de educación ambiental relacionada coa fauna silvestre. Concepto. Finalidades da educación ambiental. Educación ambiental e Unión Europea. Folletos con información sobre fauna e flora silvestre protexida.
39. Rehabilitación de cuncas. Clasificación de cuncas. Influencias da vexetación na economía e regulación da auga. Utilización da vexetación e obras de fixación, defensa e reconstrución de ribeiras dos ríos. Corrección hidrolóxica torrencial.
40. Xestión de zonas húmidas e o seu aproveitamento cinexético. Concepto de zona húmida. Humedais españois no convenio RAMSAR. Clasificación das zonas húmidas e catalogación. Problemas de conservación.
41. Residuos e ecopatoloxía reguladora. Residuos perigosos e sanitarios. Contaminantes. Repercusión na fauna silvestre.
42. Homologación dos trofeos cinexéticos. Obxectivos. Xunta de homologación. CIC. Fórmulas de valoración. Especies homologables. Animais procedentes de granxas. Fórmulas oficiais de valoración dos trofeos de caza.
43. Reservas nacionais de caza. Antecedentes. Lexislación específica. Rede de reservas nacionais de caza. Xestión das reservas. Aproveitamento do recurso. Reparto de beneficios.
44. Control de predadores. Principais predadores. Análise da súa dinámica poboacional. Principais métodos de control sobre os predadores. Metodoloxía para o control de predadores. Especies de predadores oportunistas.
45. Granxas cinexéticas de coellos. Conceptos. Localización, superficie, estrutura. Introducción de reprodutores. Manexo. Alimentación. Programa sanitario. Repoboacións.
46. Inventario e caracterización das poboacións de fauna cinexética. Principais métodos de censo. Índices de abundancia. Itinerarios. Captura e recaptura. Censo de caza menor. Censo de caza maior. Utilización dos datos da actividade cinexética.
47. Modalidades de caza. Marco legal. Modalidades de caza e planificación cinexética. Diferentes modalidades de caza. Caza con armas de fogo. Caza con cans de persecución e captura. Caza con aves rapaces. Caza con redes, trampas, cepos, etc. Modalidades de caza tradicionais prohibidas. Terminoloxía cinexética. Seguridade nas cacerías.
48. Plans de ordenación cinexética. Bases. Definición. Lexislación que afecta á elaboración. Estrutura, contido e elaboración.
49. O medio ambiente. Marco conceptual e normativo: acordos internacionais, normativa europea e autonómica.
50. Procedemento de solicitude e concesión da autorización ambiental integrada.
51. A lei de avaliación ambiental. Obxecto e ámbito de aplicación. Aspectos máis relevantes e principais novidades.
52. Avaliación de impacto ambiental de proxectos: procedemento ordinario e simplificado.
53. O réxime legal dos residuos: Lei 22/2011. Características da Lei. Principais novas. Ámbito de aplicación. Obxectivos.
54. Concepto de residuo. Clasificación de residuos. A xestión dos residuos domiciliarios. E España.
55. Os puntos limpos. Responsabilidade das administracións locais. Proceso de autorización. Situación dos puntos limpos en Galicia.
56. A contaminación de solos. Tipos de contaminación e contaminantes. Recuperación de solos contaminados e técnicas de contención e confinamento de contaminantes.
57. O cambio climático. Conceptos xerais. Proceso internacional de loita contra o cambio climático. Actuacións da Unión Europea. Ferramentas estatais na loita contra o cambio climático.

- 58.O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía e a súa expansión mundial. Procedemento de implantación do Pacto. Plans de acción. Coordinación en Galicia.
- 59.Lei 42/2007 de patrimonio natural e da biodiversidade. Catalogación, conservación e restauración de hábitats e espazos de patrimonio natural. Conservación da biodiversidade.
- 60.A rede Natura 2000 en Galicia. Marco conceptual e normativo. Decreto 37/2014: Declaración de zonas de especial Conservación en Galicia e aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000.
- 61.A Paisaxe. Convenio Europeo da Paisaxe. Lei de protección da paisaxe de Galicia. Instrumentos a súa protección, xestión e ordenación. A estratexia da paisaxe de Galicia.
- 62.A custodia do territorio. Definición. Acordos de custodia, fomento. Experiencias.
- 63.A Reserva da Biosfera Terras do Miño: Órganos de xestión. Diagnose territorial, xestión e zonificación.
- 64.O plan de Acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Antecedentes, Marco normativo. Xustificación e obxectivos. Liñas de acción.
- 65.A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses: Historia. Territorio. Órganos de xestión. Estatus xurídico.
- 66.O Plan de Acción das Reservas da Biosfera Os Ancares Lucenses. Diagnose e antecedentes. Encadre legal e normativo. Xustificación e obxectivos. Liñas de acción.
67. Clasificación urbanística dos solos en Galicia. Principais características.
- 68.O réxime de solo rústico e de núcleo rural de Galicia. Categorías, usos e condicionantes.
- 69.A concentración parcelaria. Fases e procedemento. O impacto ambiental da concentración parcelaria.
- 70.Ordenación cartográfica e sistemas de información xeográfica. PNOA e a Directiva Inspire. Os sistemas de posicionamento global e os sistemas de representación gráfica.
- 71.Camiños rurais. Clasificación. Elementos estruturais e tipos de firmes.
72. Concepto e clasificación dos montes segundo a lei 43/2003, de 21 de novembro. A lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Lugo, 18 de agosto de 2021. A SECRETARIA XERAL P.S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2475

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23 AGO. 2021
ata a día 23 OCT. 2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

